

Día da Patria Galega


25 de Xullo
2018

Manifestación
ás 12h
Alameda,
Santiago




facebook.com/obloque
twitter.com/obloque
bit.ly/bngwhatsapp

Unha idea clara



Sumar por Galiza



'Viva Galiza ceibe e socialista'

proclamaba a faixa pendurada na entrada da Alameda de Compostela no 25 de xullo de 1968, cando o nacionalismo organizado botou a andar, na noite franquista, a conmemoración do Día da Patria Galega, unha das heranzas que compoñen o noso elo de unión actual coas mulleres e homes do nacionalismo das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista.

Cúmprense neste 2018 cincuenta anos daquela xornada histórica, en que Compostela amenceu tomada polo brazo executor do franquismo. As forzas represivas da ditadura trataban de impedir a imaxe dunha mobilización viva e popular en defensa dos nosos dereitos: a reivindicación da liberdade, da democracia e da xustiza. Non o conseguiron.

A data ficou marcada no calendario das vitorias do nacionalismo galego, e continuou como expresión multitudinaria, plural, colectiva e festiva de que somos nación, existimos, estamos e non imos renunciar nunca á nosa patria, en ningunha circunstancia por dura que esta for.

No Día da Patria Galega seguimos a reclamar o obxectivo de decidirmos nós o noso propio futuro, de termos o control como pobo sobre os nosos recursos, de garantir xustiza, vida digna e dereitos para todas e todos, de nos expresar como un país normal, cunha lingua e cultura de seu.

Continuamos, cinco décadas despois, camiñando man a man polas rúas de Compostela, e este 25 de xullo facémolo con vontade de sumar. De sumar forzas, esperanzas e ilusións entre todas as persoas que queren o mellor para Galiza, co ofrecemento dun BNG que é agora aberta para construír xuntos e xuntas, coas mans tendidas e as portas abertas.

A época Rajoy foi nefasta para Galiza. Vetos, desatención e agravio intensificado nos temas centrais do país. A submisión de Feixóo a Madrid e a carencia de voz propia foron unha combinación letal para Galiza, desaparecida e irrelevante durante toda a lexislatura.

A moción de censura constatou esa falta de voz propia. Vascos, cataláns, valencianos, canarios... todos defenderon os seus intereses. Agás Galiza. Temos que recuperar iniciativa como nación, e defenderemos unha axenda propia, galega, de temas prioritarios para a nosa sociedade.

Este 25 de xullo, pois, pensaremos que fica moito por camiñar mais tamén que hai cincuenta anos homes e mulleres nacionalistas penduraron unha faixa nas árbores e alí ficou, para dar pasos adiante sobre a súa ousadía e para, collidos a ese fío de dignidade e compromiso, facermos realidade os nosos soños, a ilusión de construír, entre todos e todas, un futuro mellor para o noso pobo, libre, xusto e igualitario, en que a nosa voz se escoite no mundo e podamos gabarnos de pertencer a unha nación que ergueu a cabeza, mirou o futuro, loitou cun sorriso na boca e conquistou a súa propia soberanía.

Neste 25 de xullo, é o momento de sumar por Galiza.
Súmate ao BNG. Querémoste.